



# CORNIDE

REVISTA DO INSTITUTO JOSÉ CORNIDE DE ESTUDIOS CORUÑESES  
SEGUNDA ÉPOCA | A CORUÑA 2021 | Nº 2



Instituto de Estudios Coruñeses  
José Cornide

CORNIDE. Revista do Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses, 2ª época

<http://www.coruna.gal/ijcec.es>

Cornide. Revista do Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses, é unha revista de periodicidade anual que se publica desde 1965 cun novo formato a partir de 2018.

Dirección: Xosé Ramón Barreiro Fernández e Ana Romero Masiá.

Consello de Redacción: Beatriz López Morán, Emilio Grandío, Carlos González Guitián, Mercedes Queixas e José Manuel Sánchez Santos.

Comité Editorial: Xosé A. Fraga Vázquez, Xosé Ramón Barreiro Fernández, Felipe Senén López Gómez, José Antonio Portero Molina e María de la O Suárez Rodríguez.

Comité Científico: Felipe Senén López Gómez, Xosé Ramón Barreiro Fernández, Manuel Sánchez Salorio, Juan Ramón Quintas Seoane, Xosé A. Fraga, Fernando González Laxe, José Antonio Portero Molina, José Ramón Soraluca Blond, Ana Romero Masiá, María de la O Suárez Rodríguez, Carlos Nárdiz Ortiz, Emilio Grandío Seoane, Beatriz López Morán, María Mayán Santos, Carlos Vales Vázquez, Antonio Sandoval Rey, Ana Dorotea Tarrío Tobar, Dolores Barral Rivadulla, Rosario Sarmiento Escalona, Santiago Roura Gómez, Xoán Antón Pérez Lema, José Manuel Sánchez Santos, Elvira Lindoso Tato, Isabel Novo Corti, Enrique Calvete Pérez, Luciano Vidán Martínez, Carlos González Guitián, José Manuel Vázquez Rodríguez, Arturo Louro González, Xavier Seoane Rivas, Mercedes Queixas Zas, Jorge Llorca Freire, Estíbaliz Espinosa Río.

Gráfica  
IMAGO MUNDI DESEÑO

IMPRIME  
SGRAF ARTES GRÁFICAS

ISSN: 2531-243X  
Depósito Legal: C 1957-2017

# ÍNDICE

- 7 "O QUE MÁIS MIRA MENOS VE". A IDENTIDADE E O  
AUTOGOBERNO GALEGOS NO PENSAMENTO DE  
SALVADOR DE MADARIAGA  
Xoán Antón Pérez-Lema
- 17 DOTAR DONCELAS POBRES NA CORUÑA DURANTE  
OS SÉCULOS XVI-XX. APROXIMACIÓN AO LABOR  
ASISTENCIAL LAICO  
Ana Romero Masiá & M<sup>a</sup> de la O Suárez Rodríguez
- 71 A CORUÑA EN LA GUERRA DE SUCESIÓN: HAMBRE,  
NECESIDAD Y TIFUS: LAS CONSECUENCIAS  
DEMOGRÁFICAS, 1710  
Antonio – Arturo Abad Pardo
- 97 A VISITA DE FRANCISCO PI Y MARGALL Á CORUÑA  
(18-21 de setembro de 1892)  
Carlos Pereira Martínez

- 129 EL CONSTRUCTOR JULIO RODRÍGUEZ BLANCO  
VÍCTIMA DE LAS TENSIONES SOCIALES EN A CORUÑA  
DE LA SEGUNDA REPÚBLICA  
Beatriz López Morán & Xosé Ramón Barreiro Fernández
- 159 LA PUESTA EN VALOR DEL VIAJE DE AGUA DEL  
SIGLO XVIII EN LA CIUDAD DE A CORUÑA  
Carlos Nárdiz Ortiz
- 169 INFORME DO INSTITUTO CORNIDE SOBRE OS RETOS  
QUE SUSCITA A FACHADA MARÍTIMA DA CORUÑA
- 177 INFORME SOBRE O ESTADO DO PATRIMONIO BIC  
DA CIDADE DA CORUÑA. 2018
- 207 ESTRATEXIAS PARA A RETENCIÓN E CAPTACIÓN  
DO TALENTO CIENTÍFICO  
Xosé A. Fraga Vázquez

## **"O QUE MÁIS MIRA MENOS VE". A IDENTIDADE E O AUTOGOBERNO GALEGOS NO PENSAMENTO DE SALVADOR DE MADARIAGA**

**"Whoever looks most sees less". Galician identity and self-government in the thought of Salvador de Madariaga**

XOÁN ANTÓN PÉREZ-LEMA<sup>1</sup>

**Resumo.** Salvador de Madariaga, un gran liberal galego e pai do europeísmo, tamén era un firme crente no federalismo e o autogoberno galego, vasco e catalán. "Una Galicia libre en una España federal", como escribiu no 1968 a un prominente líder emigrante galego en Buenos Aires.

**Abstract.** A great Galician liberal and father of Europeism, was also a strong believer in federalism and Galician, Basque and Catalan self-government. "A free Galicia in a federal Spain", as he wrote in 1968 to a prominent Galician emigrant leader in Buenos Aires.

**Palabras clave.** Federalismo. Unión Europea. Identidade galega. Autogoberno galego.

**Key words.** Federalism. Europe Union. Galician identity. Galician self government.

### **A. EVOLUCIÓN BIOGRÁFICA ANTERIOR Á EDICIÓN DE ESPAÑA. ENSAYO DE HISTORIA CONTEMPORÁNEA (1931)**

Salvador de Madariaga é un dos galegos verdadeiramente universais, tanto polo coñecemento da súa persoa, obra e pensamento no contexto europeo e internacional como pola medida europea (tamén, en menor medida, universal<sup>2</sup>) que usou para analizar a realidade do seu tempo e propor as solucións para os seus retos e problemas.

Nace Madariaga un ano despois da morte de Rosalía de Castro, contemporáneo do líder galeguista Afonso R. Castelao, do Dr. Novoa Santos e do líder republicano galego Santiago Casares Quiroga.

Madariaga, fillo de militar ilustrado de orixe vasca e de galega nada en Cuba, viviu os seus primeiros doce anos na Coruña, mais moi axiña marchou estudar primeiro a Madrid e despois a París, polo que foi construindo a súa visión do mundo fóra de Galicia e da

<sup>1</sup> Avogado. Membro colaborador do Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses. xaperezlema@gmail.com.

<sup>2</sup> Madariaga é un eurocentrista e como tal analiza a realidade americana, tanto de Iberoamérica como dos USA. Para el os alicerces da Europa son a tradición xudeocristiá, o Dereito romano e a filosofía grega.

galegitude, malia que as experiencias da nenez e primeira xuventude ficarían impresas na súa bagaxe<sup>3</sup>. Na súa etapa parisiña de estudos secundarios e técnicos vai definindo unha dupla sensibilidade, francesa e española, que logo ampliará á cultura británica. Mais a súa relación coa que sería a súa dona, Constance Archibald e outros escoceses residentes en París xerará unha visión plurinacional do Reino Unido<sup>4</sup>. E esta visión plurinacional e máis o coñecemento de catalanistas e vasquistas nos seus anos de estudante de París vano debruzar ao estudo de España como realidade plural, quizais plurinacional. Ao estudo, nomeadamente da cuestión catalá e vasca, despois tamén da cuestión galega<sup>5</sup>.

Moi axiña Madariaga reconece a personalidade lingüística catalá, vasca e galega, refusingo por anticientífica a definición de dialectos rexionais co que gran parte da opinión capitalina madrileña alumaba a lingua propia dos tres países. Mais aínda, Madariaga reconece que o valenciano é o dialecto do catalán usado ao leste e que galego e portugués pertencen a un mesmo tronco lingüístico galego-portugués, do que o galego sería o dialecto falado ao NO<sup>6</sup>. Para Madariaga o oeste galego-portugués achegaríalle a España o lirismo, o centro castelánfalante o sentido épico-dramático e o leste catalán e valenciano o sentido plástico. O noso persoeiro asume Portugal como parte do marco e concepto histórico de *España*, na liña da *Hespaña* de Castelao<sup>7</sup>. Mais até 1928 Madariaga reconece non ter nidia conciencia da súa galegitude canda a súa españolidade. O que desenvolverá dende 1921 até esas datas o cargo de xefe da Sección de Desarme da Sociedade das Nacións (Nations League-NL-) conta que recuperou a súa pertenza agachada ao visitar o Museo da *Hispanic Society*, en New York, cando viu o cadro dedicado por Sorolla a Galicia, exposto xunto con outros do mesmo autor co motivo doutros territorios do Estado. Decátase entón Madaria-

<sup>3</sup> “Las más humildes de mis impresiones infantiles surgieron lejos del casticismo castellano. Pero, además, en mi hogar, por obra y gracia del espíritu naturalmente universal de mi padre, se leía más poesía gallega que castellana [...]. Mi padre prefería la gallega, porque de instinto se daba cuenta de que era más poesía que la que por tal pasaba entonces en castellano. Sus favoritos eran Curros Enríquez y Rosalía [...] a todos nos había inspirado una admiración casi amorosa para con Rosalía, cuyos poemas leía con una sencillez y una emoción sobria y contenida [...] de este modo aprendimos a conocer y amar el espíritu de GALICIA”. Madariaga, 1967:22.

<sup>4</sup> Na súa primeira viaxe ao Reino Unido, no 1910, Madariaga xa advirte as grandes diferenzas entre este país e Inglaterra. Mentres Escocia sería, na visión de Madariaga, un país austero, grave e democrático, Inglaterra é un país fermoso, hedonista e aristocrático. Inglaterra, Escocia, Gales e Irlanda son países de seu ben diferenciados que, malia todo, conviven xuntos e mesmo alcuman de “partidos internacionais” aos enfrontamentos deportivos entre as nacións británicas, o que sería case imposible no Estado español. Convén advertir que esta análise é anterior en seis anos ao Easter Rising de abril de 1916 en Dublín e en doce anos ao recoñecemento da independencia do Estado Libre de Irlanda polo Reino Unido. Ao Tratado que reconeceu a liberdade irlandesa contribuíu de xeito moi nomeado o civil servant galés -quen tiña a galesa como lingua nai- Tom Jones (1870-1955), estreito colaborador do prime ministro liberal Lloyd George como secretario adxunto do Gabinete de Ministros, grande amigo de Madariaga ao longo de moitos anos e que foi chamado “the King of Wales”, “one of the six most important men in Europe” e “the man of a thousand secrets”.

<sup>5</sup> “La cuestión catalana y en menor grado las que plantean los movimientos de resurgimiento de conciencia local en Vasconia y Galicia son quizás los más difíciles, pero también las más fértiles en la vida publica contemporánea de España”. Madariaga, 1931:207.

<sup>6</sup> Madariaga, 1931:209

<sup>7</sup> Rodríguez Castelao, 1944; é un concepto presente en toda a súa obra que estrutura o federalismo plurinacional do rianxeiro.

ga que os doce primeiros anos da súa vida foron definitivos, xa que imprimiron definitivamente no seu ser a pegada de Galicia.

## B. A CUESTIÓN GALEGA EN ESPAÑA, ENSAYO DE HISTORIA CONTEMPORÁNEA

A primeira edición da súa *España; ensayo de historia contemporánea* coincide coa proclamación da II República. Madariaga, profesor na Universidade de Oxford dende primeiros de xaneiro de 1928 é nomeado polo goberno da República embaixador perante os USA en Washington. Mais tamén foi elixido deputado nas Cortes Constituíntes pola circunscrición da Coruña nas eleccións de xuño de 1931 pola Organización Republicana Gallega Autónoma (ORGA), gañadora daquelas eleccións no noso país.

Semella que Madariaga mantivo unha relación boa coa ORGA e mellor co seu líder Casares Quiroga. Malia o seu individualismo, rexeitou no outono de 1933 un posto no Goberno Lerroux para acatar a disciplina partidaria (entón xa do Partido Republicano Gallego -PRG-, sucesor da ORGA dende 1933). Aceptou os cargos de ministro de Instrución Pública e Xustiza no Goberno Lerroux (1934), logo de rexeitar unha primeira oferta de Lerroux no outono de 1933 por mor da oposición do seu partido. Malia que a súa evolución posterior foi heterodoxa (seguiu como representante da República perante a NL no bienio negro), Azaña ofreceulle o Ministerio de Facenda no 1936, considerándoo próximo abondo á maioría governamental, malia o rexeitamento aberto que Madariaga fixera da Fronte Popular pola participación dos comunistas e máis a radicalización dos sector obrerista de Largo Caballero no PSOE.

A chamada cuestión galega analízase na primeira edición (1931) do citado ensaio histórico en abstracto e o Estatuto de Galicia na súa segunda edición (1934) e 5ª (xa no 1950, despois da II Guerra Mundial).

Baixo un epígrafe de seu no devandito ensaio (*La Cuestión Gallega*), Madariaga considera que *... si bien densamente poblada y pobre, Galicia posee una clase media y alta bastante próspera, una Universidad histórica y una ciudad de tan alto y antiguo abolengo como Santiago de Compostela... tiene pues lo necesario Galicia para una vida espiritual vigorosa*<sup>8</sup>. Esta redacción, probabelmente escrita cara a 1929 ou 1930, apártase substancialmente do que escribía nos tempos pretéritos de 1914 ou 1916, cando Madariaga limitaba a pluralidade nacional española ás cuestións catalá ou vasca, ao que de certo contribuíu, canda a súa *conversión* neoirquina á galeguidade (1928), o acervo acumulativo xerado polas Irmandades da Fala desde 1916 e, no eido cultural e intelectual, á contribución da Xeración Nós a través da revista do mesmo nome ou do Seminario de Estudos Galegos, fundado no 1923.

Madariaga xa escribira antes que acreditaba na gran proximidade cultural, lingüística e espiritual entre Galicia e Portugal, até considerar o galego pertencente ao tronco común do galego-portugués, mesmo como dialecto do mesmo. Considera tamén que o galego-portugués é o berce da poesía en España.

Mais agora, no 1930-31, o coruñés prognostica<sup>9</sup> que canto máis se desenvolva a con-

<sup>8</sup> Madariaga, 1931:274.

<sup>9</sup> Madariaga, 1931:274-275

ciencia nacional de Galicia máis salientará a súa semellanza con Portugal, malia que non de xeito unívoco<sup>10</sup>. Albisca entón Madariaga a federación ibérica voluntaria como mecanismo de resolución de conflitos dunha plurinacionalidade española que integre Portugal, como tamén proporá Castelao no 1944 no seu *Sempre en Galiza*<sup>11</sup>.

Na segunda edición do ensaio (1934) Madariaga refírese ao Estatuto de Galicia e á vontade autonomista da minoría galega maioritaria daquela (a ORGA, despois PRG). O Estatuto foi aprobado pola asemblea dos concellos galegos celebrada en decembro de 1932 en Compostela, coa participación estelar de Alexandre Bóveda e Enrique Rajoy Leloup. Di Madariaga, na liña da indefinición pasiva do seu amigo, ministro e líder da ORGA, Casares Quiroga, naqueles primeiros meses do 1933 que o proxecto estatutario galego *sólo obtuvo máis que cierto interés por curiosidad en la región galaica, porque el gallego es sutil y práctico y mucho menos aficionado a problemas teóricos y dogmáticos que el catalán y el vasco... Con todo hubo proyecto y se votó en diciembre de 1932, pero fue siendo relegado al limbo de los proyectos sin fe*<sup>12</sup>. A respecto deste proceso, que decorre entre a aprobación do proxecto de Estatuto de decembro de 1932 até as eleccións parlamentarias de outubro de 1933 que xeraron unha maioría de centro-dereita contraria ao recoñecemento da autonomía de Galicia, o líder galeguista Afonso R. Castelao acusou a Casares Quiroga de ralentizar o plebiscito do proxecto do Estatuto, cando o clima popular era moi favorábel nos primeiros meses de 1933<sup>13</sup>. Para Casares Quiroga non existía un clima favorábel para a súa aprobación, idea que ao mellor puido influír en Madariaga. O que si é seguro é que a defección do alcalde coruñés Manuel Iglesias Corral e da súa maioría municipal, integrado no PRG de Casares, da maioría de concellos favorábel ao Estatuto (por mor da cuestión irresolta da capitalidade do País) tivo de influír substancialmente nun Casares nado á política no seo dun republicanismo coruñés que maioritariamente nunca tivera na súa axenda, polo menos até 1930, a autonomía de Galicia.

De feito, nun apéndice introducido na 5ª edición do ensaio sobre a historia contemporánea española, Madariaga<sup>14</sup> confesa que se adheriu á ORGA (despois PRG) sen ser nunca un autonomista moi convencido, como -confesa- tampouco o eran os demais prohombres do partido, nomeadamente o seu líder, Santiago Casares Quiroga. Téñase en conta que na segunda edición (1934) a ORGA era para Madariaga a forza maioritaria en Galicia, claramente autonomista. Que ocorreu dende 1934 ao 1950? Evidentemente a traxedia

<sup>10</sup> "El porvenir del movimiento gallego abre perspectivas que debieran ser de fecunda colaboración con la nación portuguesa pero que pueden ser- quien sabe- de incomprensión y de lucha". Madariaga, 1931:274.

<sup>11</sup> "Federación Ibérica de Galicia, Euskadi, Catalunya, Portugal e Castela para ingresarmos na Confederación Europea; Confederación Europea para ingresarmos na Unión Mundial". Rodríguez Castelao, 1944:448.

<sup>12</sup> Madariaga, 1934 (2ª edición):482.

<sup>13</sup> Casares Quiroga non ouviu as demandas dos deputados Castelao e Otero Pedrayo (PG) para o inmediato plebiscito do Estatuto logo da aprobación do seo proxecto na Asemblea de concellos de Compostela en decembro de 1932. Cando o Decreto foi aprobado en último de contas, en xuño de 1933, o intre político xa non era tan favorábel. As eleccións de outubro de 1933, que lle deron á maioría ao conservadurismo españolista da CEDA, sinalou nidiamente que cumpría agardar por tempos mellores, que chegarían na primavera de 1936.

<sup>14</sup> Madariaga, 1950 (5ª edición):775-776.



da guerra civil e da guerra mundial, mais que puido ocorrer no maxín de Madariaga para arrefriar un seu autonomismo que se inscribía nitidamente na súa visión federalista e plural de España que amosaba no 1930-31? É difícil respostar esta cuestión sen datos, mais a clave pode estar na xestión dos Gobernos de Euskadi (1936-1937) e Catalunya (1936 até maio de 1937 cando se recentralizaron no Goberno da República española as competencias de orde pública e militares) que chegaron a intervir, por necesidade e pragmatismo, en cuestións militares, de orde pública e de política exterior. Madariaga manifesta, en concreto, o seu rexeitamento ás demandas do Goberno vasco para obter de Bélxica e do Reino Unido a evacuación de crianzas exclusivamente vascas e semella alarmarse diante da linguaxe da alianza Galeusca no exterior, nomeadamente en Buenos Aires, cidade que visita no 1946<sup>15</sup>. Madariaga manterá algúns anos esa crítica ácida ao que chama separatismo.

En realidade, para Madariaga vascos, cataláns e galegos son españois e mesmo os máis españois. Porque para Madariaga, o español non profesa un patriotismo abstracto: *el español no pertenece a su país, es su país el que le pertenece. Y como su perspectiva es concreta e individualista, su patriotismo toma con frecuencia una intensidad en proporción inversa al área de la zona circundante a que se refiere; mucho más patriota, pues, de su aldea que de su región, de su región que de su patria*<sup>16</sup>. Cataláns, galegos e vascos serían, pois, patriotas do seu particularismo, manifestación do seu individualismo, que sería un claro sinal do espírito español. É máis, para o noso home as cuestións nacionais galega, vasca e catalá, os movementos centrífugos no Estado español, xorden precisamente deste suposto sinal de españolidade presente no particularismo e individualismo galego, catalán e vasco.

### C. A CUESTIÓN GALEGA NAS MEMORIAS DE UN FEDERALISTA

Sobardara xa Madariaga os 80 anos cando escribiu as *Memorias de un federalista*, que escribe pola amizade e afecto que lle profesa a amigos cataláns, vascos e galegos aos que ten que comentar e criticar. Neste senso, foi moi considerábel a súa correspondencia con catalanistas e vasquistas nos anos 40, como o lehendakari Agirre Lekube ou o ex ministro Irujo (PNV) e Tarradellas ou Bosch Gimpera (ERC).

O coruñés fixa unha clara posición pluralista e proautonómica ao se definir como per-

<sup>15</sup> Cando Madariaga visita Buenos Aires, en novembro de 1946 da unha palestra ("Galicia entre las Españas") no Teatro Argentino, organizada polo Centro Galego. Nese tempo Castelao residía en París, como ministro do Goberno republicano español no exilio. Madariaga referirase implícitamente a esta visita e á linguaxe usada polos galeguistas, vasquistas e catalanistas emigrados en Buenos Aires na súa carta de 10/04/1968 a D. Manuel Puente (arquivo Madariaga, no Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses, A Coruña), empresario eminente, grande amigo de Castelao e, na altura, presidente dos Xogos Florais de Galiza. Madariaga acredita, canda Puente, que nos Xogos Florais de Galiza non hai separatismo, mais si "en el ala extremista del galleguismo, como en la del catalanismo y del vasquismo", como di comprobou na súa última visita a Buenos Aires. De todos os xeitos, despois doutra resposta epistolar asinada por Manuel Puente e polo Secretario dos Xogos Florais de Galiza, pecha Madariaga o debate noutra carta de 06/05/1968, na que manifesta o seu acordo no esencial cos respostantes... "una Galicia liberada en una España federada"(corresp. citada do Arquivo Madariaga, A Coruña).

<sup>16</sup> Madariaga, 1931:208.

soa que naceu en país bilingüe, *lo más lejos posible de Madrid*<sup>17</sup>. Os países pluripopulares ou plurinacionais, como o Reino Unido, España ou Suíza son para el *fuentes perennes de creación humana*. Logo é manifesta nesta obra o seu aberto rexeitamento ao centralismo, a quen alcuma de *imbécil*, malia que para el o separatismo non sería menos *desdichado*. Considera que son poucos os separatistas, mais dende o seu anticomunismo radical, manifesta que tamén eran poucos os bolxeviques e mais trunfaron no 1917-18.

Madariaga amosa o seu claro autonomismo federalista, malia o seu rexeitamento ao separatismo, advertindo que a liña entre autonomismo e separatismo é sutil, pois que o autonomismo pode facerse separatista nun intre de mal humor e o separatismo autonomista. Porén, separatismo e autonomía son termos absolutamente antitéticos<sup>18</sup>.

Este radical antiseparatismo non sempre foi ben entendido polo nacionalismo galego, catalán ou vasco. No congreso do Movemento Europeo de Den Haag, Madariaga pretende, en carta a Prieto de 31-5-1948,<sup>19</sup> bloquear a participación na xuntanza do nacionalismo catalán e vasco senón recoñecen a súa pertenza ao Estado español e renuncian á independencia. Logo deixaría sen efecto ningún o devandito veto. Por outra banda, no 1960 manifestouse a gran conveniencia, nunha importante visita de Madariaga a Buenos Aires, dunha declaración conxunta coas forzas operantes de GALEUSCA no exilio arxentino. Non sen algunhas tensións, idas e voltas, Salvador de Madariaga declara: *mi postura, en lo que concierne al régimen futuro de España, es federal. Estimo que ha fracasado el centralismo, que cada uno de los países españoles tiene un derecho natural a la plena libertad de su vida política y cultural y que su autonomía no admite más linde que la que impone la unidad de destino de todos los países españoles. También opino que, para lograr tal fin, conviene no incurrir en acciones o palabras poco meditadas, susceptibles del reproche del separatismo*<sup>20</sup>. No mesmo ano, en carta de 10-10-1960 a Juan de Cuatrecasas, recoñece que o centralismo é fonte do separatismo galego, catalán e vasco, mais no contexto da loita contra o franquismo, suxire a galegos, cataláns e vascos que se absteñan de dar unha imaxe de separatismo a respecto dos restantes españois e de dispersión de esforzos cara á opinión internacional<sup>21</sup>.

De calquera xeito, semella que aquel Madariaga que chegou a vetar provisionalmente a presenza de vascos e cataláns á marxe da delegación española no primeiro congreso do Movemento Europeo (Den Haag, 1948), que polemizaba cos elementos de Galeusca na súa visita a Buenos Aires no 1946 e que manifestaba a súa frialdade a respecto da autonomía galega na 5ª edición (1950) da súa *España; ensayo de historia contemporánea* evolucione nos anos 60 do século pasado, que sinalan os seus 74 a 84 anos vitais, cara un federalismo europeísta no que o Estado español habería artellarse tamén federalmente, recoñecendo unha ampla marxe de *self government* territorial baseada non só na superioridade técnica da descentralización para xestionar o intervencionismo do nacente Estado do benestar, senón como canle para garantir a personalidade lingüística e cultural propia de cada país.

<sup>17</sup> Madariaga, 1967:17.

<sup>18</sup> “El separatismo no es una autonomía aumentada, es lo contrario de la autonomía. Para ir a la separación hay que matar la autonomía y viceversa”. Madariaga, 1967:11.

<sup>19</sup> Mateos, 2018.

<sup>20</sup> Madariaga, 1967:150.

<sup>21</sup> Madariaga, 1967: apéndice 342.

## D. GALICIA E O SEU AUTOGOBERNO EN *COSAS Y GENTES*; *PROCOSAS*

No 1979 publicouse postumamente un conxunto de pequenas pezas de ensaio que o autor escribiu nos derradeiros anos da súa vida e que nos axudan a entender o federalismo autonomista do último Madariaga.

A obra divídese en dous volumes: un de persoas (*I-Prohombres*) e outro de análise sobre as cousas (*II. Procosas*). En *Procosas*<sup>22</sup> Madariaga define *autonomía*, *rexións*, *Galicia* e *Universidade*, dun xeito que amosa claramente a súa evolución, malia que sempre inserida no seu radical rexeitamento do independentismo.

Na súa análise do concepto *autonomía* Madariaga refírese ao debate do proxecto do que sería a Constitución de 1978 (Madariaga morrerá en decembro de 1978, despois do referendo do 6-12-1978 e antes da súa publicación o 29-12-1978), no que quizais sexa un dos seus últimos textos que escribiu, que cómpre datar no propio 1978, xa que Madariaga rexeita o termo *nacionalidades* que logo haberíase de inserir no artigo 2 do texto constitucional, por considerar que a nacionalidade é o termo abstracto que lle cómpre ao xénero *nación* e esta só ha de ser referida a España<sup>23</sup>. Entón Madariaga propón como termo para os futuros territorios autónomos que se formarían ao abeiro da futura Constitución o de *países*.

Como xa manifestara polo miúdo no seu *España; ensayo de histortia contemporánea*, Madariaga demostra ser moi tributario da historiografía española do século XIX e primeira metade do século XX (Menéndez Pelayo, Américo Castro...) fundamente cuestionada precisamente dende a época da morte do propio Madariaga. Deste xeito, para o coruñés non houbo nunca ningunha nación de lingua catalá que abranguese as *Illes*, o *Principat* catalán e o *País Valenciá*, como tampouco existiría nunca unha unidade que abranguese os tres territorios históricos vascos e máis *Nafarroa*. Por outra banda, nunca existiría unha Galicia non só independente, senón autónoma e Portugal sería español se non fose polo apoio inglés ou francés. É evidente, pois, que Madariaga non coñeceu outras explicacións historiográficas que hoxe en día teñen moito máis peso ca daquela e que manteñen a tese que hoxe semella ser máis críbel o dunha independencia de Galicia "stricto senso" durante varios reinados nos séculos X e XI, así como o seu claro liderado no Reino occidental de León e Galicia nos séculos XII e primeiros do XIII, o mesmo ca o carácter nitidamente euskaldún do Reino de Pamplona e a nidia primacía de Catalunya no conxunto da Coroa de Aragón na segunda metade do século XII e durante os séculos XIII e XIV.

Canto ao termo *las regiones*, Madariaga constata que *el regionalismo está de moda en toda Europa*<sup>24</sup>. O galego pensa que o intervencionismo estatal leva á descentralización, polo grande incremento tanto da burocracia como da tarefa legislativa. Por outra banda, a mellora das comunicacións leva a unidades superiores aos condados ingleses, aos "absurdos"

<sup>22</sup> Madariaga, 1979.

<sup>23</sup> Non sempre Madariaga se amosou tan negativo a respecto do uso do termo *nación* para unidades subestatais. De feito, en carta co dirixente do PNV Manuel de Irujo do 05/12/1942 (corresp. cit.; Instituto Cornide), reconece válido o termo "nación" referido a Euskadi, malia que cun senso cultural e non político. Tamén en "Cosas y gentes" (Madariaga, 1979) no concepto "regiones", reconece Madariaga que Escocia e Gales teñen unha tradición máis nacional ca rexional.

<sup>24</sup> Madariaga, 1979:481.

departamentos franceses ou ás “absurdas” provincias españolas. Ademais a rexión non só ten a avantaxe dunha meirande funcionalidade moderna, senón que é un concepto máis apto no territorial por ser natural e tamén histórica. Velaí que a integración europea sexa simultánea á rexionalización, nun proceso duplo polo que o Estado-nación delega competencias nas rexións cara a abaixo e na futura Federación europea por elevación<sup>25</sup>. O Estado-nación, até entón omnipresente, sería un chanzo máis dunha federación de federacións, que vertebraría o espazo político europeo, dende a Unión federal europea até os concellos.

Refírese Madariaga á desconcentración de poderes estatais nas rexións francesas e a concentración de poderes departamentais nas rexións. Canto ao Reino Unido, Madariaga constata a potencia do rexionalismo galés e escocés, países de tradición máis nacional ca rexional. Un rexionalismo do que salienta os seus *flecos separatistas*, mentres reconece que haberá un potente reactivamento dos rexionalismos galés e escocés nas eleccións de 1970 *o cuando sean*<sup>26</sup>.

Canto ao termo “Galicia”, Madariaga define ao noso país como *un ser humano colectivo en solidariedade y tensión vital con España, Europa, Hispanoamérica y la humanidad*<sup>27</sup>. Porén, advirte de seguido que non se lle pode esixir a calquera cidadán galego que entenda na súa totalidade esa definición, mais si aos seus políticos e líderes. Madariaga conecta esa evidente dimensión exterior da Galicia cos degoiros de acción exterior da galeguidade. O ente colectivo galego sería unha colectividade nomeadamente aberta ao resto do Estado, Europa, Iberoamérica e o mundo, de xeito que Madariaga non entende, por incompreensible, ahistórica e estéril, unha Galicia pechada ao mundo. Lembra, asemade, que Galicia é a ponte natural con Portugal.

Salienta Madariaga, sen dúbida coñecedor das tensións e conflitos urbanos desenvolto polos estudantes nos anos 1967 e 1968 na Galicia, que Galicia ten dous polos: o rural e o universitario. E que cómpre regaleguizar Galicia; non só galeguizala máis, senón galeguizala mellor, evitando o mero desenvolvemento económico, pois que o paisano galego é un *un pozo de espíritu*<sup>28</sup>. Canto ao polo universitario, Madariaga refuga do réxime de provisión de prazas daquela Universidade dos anos 60 do século pasado, no que a USC era estación de paso cara ás Universidades madrileñas e defende que a USC ten de ser o cerebro que pensa Galicia e que o seu profesorado ha de ser na súa gran maioría galego. Na súa análise do termo *Universidad*, na mesma obra, Madariaga manifesta acreditar nun nidio predominio

<sup>25</sup> Non sabemos de certo as datas nas que Madariaga escribiu estas liñas, mais pola referencia ás eleccións legislativas británicas de 1970 puido ser no 1969. Nestas datas as tres Comunidades europeas (a CEE, a EURATOM que regulaba a enerxía atómica e a CECA que regulaba os mercados do carbón e do aceiro) eran xa unha realidade malia que só integrasen aos seis Estados fundadores (Francia, Italia, a República Federal de Alemaña e máis os estados do BENELUX). Unha realidade que sobardaba xa o puramente intergubernamental por mor da política funcionalista de refugar o pulo da unidade política e ir acadando a integración económica. Madariaga confiaba entón que as Comunidades Europeas serían o xermolo da futura Federación ou Unión Europea.

<sup>26</sup> Nas eleccións do outono de 1974 o Scottish National Party quitou o 30% dos votos en Escocia, só superados na súa historia polo 53% de 2015, cando obtivo 51 dos 56 escanos escoceses na Cámara de Westminster.

<sup>27</sup> Madariaga, 1979:291.

<sup>28</sup> Madariaga, 1979:291.

maioritario das linguas catalá, vasca e galega nas Universidades das tres nacionalidades, malia que defenda manter algunhas cátedras en lingua española, non máis nin menos ca un terzo ou un cuarto. Unha porcentaxe que evidentemente é moi superior na nosa Galicia do 2019 en prexuízo da lingua propia da Galicia.

Canto á autonomía de Galicia, para Madariaga esta ha ser o máis amplo posíbel co único límite da *insensatez separatista*. De novo, Madariaga opón o seu federalismo autonomista como remedio e oposición do separatismo, malia quizais non considerar que o separatismo nacía da incapacidade do estado español para integrar a súa plurinacionalidade.

Neste senso, diríase que Madariaga esfórzase máis por corrixir o separatismo ca o centralismo, mesmo presente na acción política dos gobernos da II República, segundo recolleron dende Castelao a Irujo, pasando por Bosch i Gimpera. Mais o contexto fainos interpretar que, mentres que ao respecto do centralismo autoritario españolista, Madariaga considérase totalmente afastado, mantén moitas amizades no catalanismo e vasquismo (menos no galeguismo) que lle autorizan, na súa opinión, para manifestar a súa ácida crítica tentando que as devanditas doutrinas nacionalistas fiquen no autonomismo e non incorran no soberanismo.

## E. CONCLUSIONES

1. Madariaga acredita nunha españolidade plurinacional, ou polo menos plural, na que coexisten as linguas catalá, castelá, euskera e galegoportuguesa.

2. Madariaga experimenta a fonda pegada da galeguidade nos primeiros doce anos da súa vida, malia que até os seus 44 non fose totalmente consciente da súa identidade galega.

3. Co abrente republicano, Madariaga acredita na República como canle para compatibilizar a unidade política española co autogoberno catalán, vasco e galego, malia que entre o comezo da guerra civil e primeiros dos anos 50 do século pasado amose unha meirande frialdade cara ao autonomismo, polo menos o autonomismo galego, chegando a polemizar contra o suposto separatismo dalgúns dos membros de Galeusca, nomeadamente no exilio iberoamericano.

4. Nos seus derradeiros quince ou vinte anos de vida, ben sobardados os seus 70, Madariaga integra a súa galeguidade, españolidade e europeísmo nun concepto federalista, no que vertebra o espazo político dende a Federación europea até os concellos, de xeito que o Estado-nación, diante do grande incremento da burocracia e da tarefa lexislativa, habería ceder competencias cara a Europa e cara aos gobernos territoriais subestatais. Este autonomismo federalista non só é un acaído instrumento de xestión moderna da *res publica*, senón que é quen de lle dar canle á pluralidade nacional do Estado e doutros Estados plurinacionais europeos, como Suíza ou o Reino Unido.

## FONTES DOCUMENTAIS

Salvador de Madariaga. Correspondencia varia do legado ao Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses. A Coruña.

## BIBLIOGRAFÍA

- FERNÁNDEZ ALBOR, X. (14-10-2002). "Salvador de Madariaga y la construcción europea", palestra ditada no *Foro de Santiago de Compostela*, na devandita cidade.
- MADARIAGA, S. (1931). *España, ensayo de historia contemporánea*. Buenos Aires, Editorial Sudamericana. 2ª edición de 1934 e 5ª edición de 1950.
- MADARIAGA, S. (1951). *Democracy vs liberty? The faith of a liberal heretic*. London, Pall Mall Press Ltd.
- MADARIAGA, S. (1952). *Portrait of Europe*. London, Hollis & Carter.
- MADARIAGA, S. (1959). *General, márchese vd.* New York, Ediciones Ibérica.
- MADARIAGA, S. (1967). *Memorias de un federalista*. Buenos Aires, Editorial Sudamericana.
- MADARIAGA, S. (1979). *Cosas y Gentes*" (II. Procosas). Madrid, Espasa Calpe.
- MATEOS, A. (2018). "Prieto y Madariaga, pensando en España desde el exilio", *Cornide*, Revista do Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses, nº 1, 113-120.
- MONTEAGUDO, H. (2000). *Castelao: a fábula da súa vida*. Vigo, Editorial Galaxia.
- RODRÍGUEZ CASTELAO, A. (1944). *Sempre en Galiza*. Buenos Aires, Akal.
- VICTORIA, O. (1990). *Obra de Salvador de Madariaga*. Madrid, Fundación Areces.
- VICTORIA, O. (1990). *Vida de Salvador de Madariaga*. Madrid, Fundación Areces.